

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACION DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE E INSTALACIÓNS ANEXAS

Constitúe o obxecto deste Regulamento a regulación do uso e funcionamento da piscina climatizada municipal como ben de servizo público, así como do ximnasio, sauna e sala de masaxes como instalacións anexas á mesma, suxeitas todas elas á autoridade do Concello, a quen corresponde a súa administración, dirección e coidado, salvo naquelo que poda ser competencia propia de outras autoridades ou organismos.

O presente Regulamento díctase ao abeiro do establecido no artigo 4.1.a) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

APARTADO 1º

DAS CLASES DE USUARIOS DA PISCINA MUNICIPAL

Os usuarios da piscina poderán ter a condición de:

**** Socio:** Terá tal condición a persoa física ou xurídica que desexe percibir os servizos da instalación mediante o pago anual dunha cuota establecida na correspondente Ordenanza Fiscal. A condición de socio terá en todo caso carácter familiar, entendéndose por unidade familiar a este efectos a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos non emancipados. Nos casos de separación legal ou cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou

nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos do parágrafo anterior.

Dada a excesiva demanda do servizo e a capacidade limitada das instalacións darase prioridade para obter a condición de socio ás persoas empadroadas no Concello de Xove.

**** Aboado:** Terá tal condición a persoa física ou xurídica que desexe percibir os servizos da instalación ben mediante a utilización do sistema de bonos de 15 e 30 usos, ben mediante o sistema de bono mensual. A estes efectos, os bonos mensuales e de usos, poderán ser expedidos, dada a demanda do servizo e a capacidade limitada das instalacións en función das plazas libres existentes.

Distínguese entre: Aboado individual, que poderá ser mensual ou por bonos de uso; e aboado familiar, que só poderá ter carácter mensual.

O aboado familiar englobará a tódolos membros dunha unidade familiar, entendida esta como a formada polo pai/nai e os fillos menores de 18 anos. Tódolos membros da familia terán o mesmo número de aboado.

**** Usuario de pago diario:** Terá tal condición aquela persoa que acceda á instalación mediante o pago da entrada ao baño libre.

** Participantes en actividades da Escola Municipal de Natación ou calquera outra actividade organizada polo Concello.

** Usuario con aluguer dunha calle (grupos)

APARTADO 2º

DO PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DA CONDICIÓ DE USUARIO DA PISCINA

Para poder obter a condición de socio ou aboadado individual ou familiar deberá aportarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. de todos os que o posean
- 2 fotografías tamaño carnet de cada un dos membros
- Fotocopia da tarxeta sanitaria de cada membro
- Fotocopia do Libro de Familia (con excepción dos aboadados individuais)
- Dirección e teléfono actual.
- Certificado de empadramento (só para os socios)

Tódolos usuarios da piscina municipal deberán estar ao corrente do pagamento das respectivas cuotas que se establezan na Ordenanza Fiscal correspondente. A falta de pago das mesmas dará lugar á perda da condición de usuario.

APARTADO 3º

REXIME XERAL DE UTILIZACION DOS SERVIZOS

- 1) Para poder acceder e utilizar a instalación deberase presentar ó persoal de control de entrada, o carnet de abonado (cos pagos ó día) ou ben se abonará a entrada correspondente.
- 2) É obrigatorio usar a taquilla para poder gardar a roupa. Para poder retirar a chave da taquilla depositarase no control o carnet de abonado. Os non abonados presentarán outra acreditación (D.N.I., Carnet de Conducir, etc.)
- 3) Non se responde da perda de calquera obxecto ou enser. Aqueles obxectos que se recuperen depositaranse na sección de obxectos perdidos, no Control de Entrada da Piscina.
- 4) Está totalmente prohibido fumar, comer ou beber na totalidade da instalación.
- 5) É obrigatorio ducharse antes de acceder á piscina para bañarse; así como o uso de chanclas tanto en vestuarios como zona de baño. Os usuarios das saunas, deberán entrar nelas ben secos.
- 6) Está totalmente prohibida a entrada para bañarse na piscina a aquelas persoas que padezan algunha enfermidade transmisible, especialmente no caso de afeccións cutáneas sospeitosas.
- 7) Prohíbese subir a área de baño con roupa e calzado de rúa. Os espectadores deberán acceder á grada pola entrada exterior.

- 8) É obrigatorio o uso de gorro de baño para poder bañarse.
- 9) A capacidade máxima de utilización simultánea da piscina é de 100 persoas.
- 10) A dirección da piscina e o Concello de Xove poderán dictar en calquer momento todas aquelas normas que redunden en beneficio do servizo e dos usuarios. Ditas normas expóranse nos taboleiros de anuncios coa suficiente antelación a súa entrada en vigor.
- 11) Os usuarios dos servizos da piscina son responsables do seu estado de saúde en relación coa utilización que efectúen dos servizos que se ofrecen, non sendo responsabilidade da administración calquer dano que poida producirse derivado do mal uso ou abuso das instalacións ou servizos, nin da súa utilización indebida ou abusiva nin do uso por persoas que carezan das condicións físicas ou de saúde mínimas básicas para elo. Tampouco caberá a esixencia de responsabilidade cando por parte dos usuarios de modo negligente se desatendan as instrucións ou normas de funcionamento do servizo de que se trate, ou as que lles teñan sido dadas polo persoal municipal responsable da actividade.
- 12) Os nenos menores de 10 anos deberán en todo momento estar acompañados por unha persoa adulta responsable.
- 13) A dirección da piscina municipal poderá retirar a condición de usuario da piscina a todos aqueles cuxa conducta supoña o incumprimento do réxime interno das instalacións, sendo ademáis responsables economicamente dos danos que a mesma poidera ocasionar.
- 14) No ximnasio da Piscina Municipal, poderase practicar toda clase de exercicio, como a ximnasia, posta a punto (fitness), exercicio cardiovascular, aeróbic, etc. Tamén se poderá asistir a clases de Ximnasia de Mantemento. Para ditas clases darase máis información no Ximnasio. Todo usuario poderá pedir información ó Monitor de Ximnasio sobre exercicios, circuitos, tipos de traballo, etc. No ximnasio, están ó servizo do usuario unha serie de táboas de distintos exercicios.
- 15) O réxime de utilización da sauna explícase polo miúdo á entrada da sauna. Existen dúas saunas, unha para homes e outra para mulleres debendo utilizar cada un a destinada a cada persoa.

APARTADO 4º

1) PERSOAS CON DEREITO A UTILIZACION DOS DISTINTOS SERVICIOS

A) As instalacións da Piscina Municipal de Xove, poderán ser utilizadas por todas aquelas persoas que o desexen mediante cinco formas de acceso:

- Como socio da piscina
- Como abonado mediante o Sistema de Bonos

- Como participante nas Actividades da Escola Municipal de Natación ou calqueroutra actividade organizada polo Concello.
- Como usuario que aluga unha calle (só grupos)
- Como usuario de pago diario.

B) O ximnasio poderá ser utilizado por persoas maiores de 15 anos que teñan a condición de:

- Socio da piscina
- Abonado
- Usuario de pago diario
- Participante nas actividades da Escola Municipal de Natación ou calqueroutra actividades organizada polo Concello.

C) O servizo de masaxismo poderá ser utilizado por persoas que teñan a condición de:

- Socio da piscina
- Abonado
- Usuario de pago diario
- Persoas maiores de 65 anos a que se refire o punto 2.B) seguinte.

A utilización deste servizo deberá formalizarse mediante inscrición asinada diante da masaxista municipal. A frecuencia do servizo por persoa irá en relación ao número de usuarios que o soliciten. Cada usuario terá un control de asistencia ao servizo mediante a utilización dunha tarxeta.

D) A sauna poderá ser utilizada por persoas maiores de 15 anos que teñan a condición de:

- Socio da piscina
- Abonado
- Usuario de pago diario
- Participante nas actividades da Escola Municipal de Natación ou calqueroutra actividades organizada polo Concello.

2)HORARIO DE FUNCIONAMENTO

A) Os usuarios poderán practicar natación e asistir ao ximnasio municipal, en horario de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas de luns a venres e de 11:00 a 13:30 horas e de 17:30 a 20:30 horas os sábados. Durante o verán, teranse que consultar os horarios no Taboleiro de Anuncios.

B) A sala de masaxes poderá ser utilizada no seguinte horario:

- Mañás: De 10.00 h a 13.00 h poderá ser utilizada por calquera persoa maior de 65 anos así como por aqueles que teñan a condición de pensionista, debendo ter neste último caso a condición de socio da piscina municipal

-Tardes: De 18.00 h a 20.00 h poderá ser utilizada polo resto de persoas sempre e cando sexan socios ou aboados da piscina ou usuarios de pago diario.

3) ALUGUER DE "CALLES" DA PISCINA MUNICIPAL (SÓ PARA GRUPOS)

As entidades colectivas, asociacións, clubs e similares poderán solicitar o aluguer de unha ou máis calles da Piscina Municipal para realizar baño libre. O número máximo de usuarios por cada calle será de 10 persoas. O aluguer estará supeditado á existencia de datas e horarios libres. A calle alquilada, só poderá ser utilizada polas persoas da entidade e durante o horario establecido e cando sexa necesario poderase limitar o aluguer a aquelas asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Xove.

APARTADO 5º

DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACIÓN

A Escola Municipal de Natación de Xove, constitúese coma unha escola deportiva dependente do Concello de Xove, e cuxa labor é o ensino da natación nas súas fases de iniciación, perfeccionamiento e introducción á natación deportiva, mediante a organización e desenvolvemento de cursos de natación escolar, cursos para colectivos en verán, cursos para persoas diminuídas, cursos para persoas maiores e distintos cursos relacionados coas actividades acuáticas (buceo, socorrismo acuático, etc.)

1) NATACIÓN PARA NENOS/AS

No ensino da natación para nenos-as, a Escola Municipal de Natación, diferencia seis niveis distintos de aprendizaxe: un nivel de introducción e adaptación ó medio acuático e cinco niveis de aprendizaxe divididos en dous niveis de iniciación e tres de perfeccionamiento denominados da seguinte forma:

- NIVEL DE INTRODUCCION Ó MEDIO ACUATICO: Destinado a nenos-as de 2, 3 e 4 anos e dentro de un programa de ensino denominado "A auga peques"
- NIVEL BRANCO: Primeiro nivel de iniciación á natación destinado a nenos-as de 5 anos en diante.
- NIVEL AMARELO: Segundo nivel de iniciación á natación. Para acceder a este nivel hai que ter superado o nivel branco.
- NIVEL VERDE: Primeiro nivel de perfeccionamiento á natación. Para acceder a este nivel débese ter superado o segundo nivel de iniciación (amarelo).
- NIVEL AZUL: Segundo nivel de perfeccionamiento de natación. Débese ter superado o nivel verde para acceder a el.
- NIVEL VERMELLO: Nivel de introducción á natación deportiva. Débese ter superado o nivel azul para acceder a este nivel. Pola dificultade deste nivel, non se realiza todo o programa nun só cursiño, sendo necesario para a súa realización dous ou tres cursiños.

A duración dos cursos será de dous meses en días alternos e dos seus horarios darase comunicación previa mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios da piscina podendo variarse segundo as necesidades ou nivel de funcionamento da mesma.

2) NATACIÓN PARA ADULTOS

No ensino de natación para adultos, a Escola Municipal de Natación de Xove, diferencia catro niveis de aprendizaxe divididos en dous de iniciación e dous de perfeccionamento, maila natación de mantemento.

- INICIACION NIVEIS "A" e "B": Primeiro e segundo nivel de iniciación á natación para adultos.
- PERFECCIONAMIENTO NIVEIS "A" e "B": Primeiro e segundo nivel de perfeccionamento da natación para adultos.
- NATACIÓN DE MANTEMENTO, cun programa que inclúe aquafitness, natación terapéutica, etc.
- INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO PARA "PERSOAS MAIORES": Primeiro e segundo nivel de perfeccionamento para persoas maiores de 55 anos.

Tódolos niveis de ensino para adultos seguen un programa de ensino desde o que o alumno comenza a familiarizarse co medio acuático ata que é capaz de nadar un largo da piscina (25m) ó finalizar o nivel "B" de iniciación. Nos niveis de perfeccionamento de adultos, o alumno finaliza nadando a dous estilos de natación (crol e espalda) ó terminar o primeiro nivel de perfeccionamento "A" ata saber nadar de forma básica ós catro estilos de natación (crol, espalda, braza e mariposa) ó rematar o nivel "B".

3) CURSO DE NATACIÓN ESCOLAR

A Escola Municipal de Natación de Xove, tamén organiza en conxunto cos centros de ensino, institutos ou A.P.A.S. da comarca o curso de Natación Escolar. Dito curso vai destinado a escolares de primaria ou secundaria. As clases de natación son en horario escolar, é dicir, de 10.00 a 13.00 horas pola mañán e de 16.30 a 18.00 horas pola tarde e o calendario das clases é o mesmo que o calendario escolar. Cada curso asiste a unha clase de natación á semana, realizándose un total de 27 ou 28 clases durante o curso escolar.

Para a organización e programa do curso escolar convocarase a tódolos Directores e A.P.A. dos centros de ensino interesados a principios do mes de Setembro para exporlles o programa anual do Curso de Natación Escolar e fixar todos os cambios que se presenten.

A duración do Curso de Natación Escolar é dende o mes de Outubro ó mes de Maio, ambos inclusive.

4) CURSOS COLECTIVOS DE VERÁN

Durante os meses de verán (Xuño, Xullo, Agosto e Setembro) a Escola Municipal de Natación organiza Cursos de Natación para Colectivos.

Para poder acceder a estos cursos, deberase presentar na Piscina unha solicitude na que se presente: Nome da entidade, dirección social e teléfono, número de alumnos, mes de realización do curso e horario preferible.

A continuación a dirección da Piscina, informará á entidade de todos os demais detalles do curso así como da posibilidade de realizar o curso nas datas e no horario solicitados.

5) OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA ESCOLA

A Escola Municipal de Natación, tamén desenvolve e organiza outras actividades diferentes a cursos de natación, pero todas relacionadas coas actividades acuáticas e o seu mundo.

- **BAUTIZOS DE BUCEO:** Se trata de realizar unha inmersión con equipo autónomo de buceo deportivo na Piscina Municipal. Ditos bautizos, son soamente para usuarios e totalmente gratuitos. Realízanse dous bautizos ó ano, un para nenos e outro para adultos.
- **CURSOS DE BUCEO DEPORTIVO:** En coordinación coa oficina de información Xuvenil do Concello de Xove, a Escola Municipal de Natación, tamén organiza cursos de buceo deportivo para tódalas persoas interesadas.
- **CURSOS DE SOCORRISMO ACUÁTICO:** Tamén en coordinación coa oficina de Información Xuvenil do Concello, se organizan cursos de socorrismo acuático, con vistas a ter persoas formadas para poder desempeñar a función de Socorristas nas praias e piscinas do Concello ou Concellos veciños.
- **EQUIPO DE COMPETICION DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION.** A Escola Municipal de Natación, con aras ao fomento da natación deportiva, poderá formar un equipo composto por nenos-as que proveñan dos distintos cursos da Escola Municipal de Natación, para participar nos Campeonatos Escolares de Natación que poidera organizar a Consellería de Deporte da Xunta de Galicia e outras competicións de Escolas de Natación, ás que sexan invitados.

6) NORMAS DE XERAL CUMPRIMENTO PARA TÓDOLOS CURSOS ORGANIZADOS POLA ESCOLA

- **INSCRIPCION DE CURSOS:** a inscrición para todos os cursos realizarase na oficina da Piscina Municipal e deberase cubrir unha folla de inscrición. As inscricións comenzarán o día 1 de outubro para os cursillos que se realicen o ano seguinte. Os meses dos cursillos iranse cubrindo segundo a data de inscrición e as preferencias dos cursillistas, pois poderán elixir o mes ou meses do curso segundo estean as prazas libres ou ocupadas. Unha vez cubertas as prazas de certo mes, tamén se poderán inscribir como reserva. Cada curso terá seis reservas que se utilizarán no caso que se den de baixa os cursillistas que teñen praza fixa. Todos os cursillistas, serán avisados telefónicamente unha semana antes de comenzo do curso para confirmarles o día e a hora de comenzo do curso.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcurri-lo prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comenzo a aplicarse o mes natural seguinte ó da súa entrada en vigor e supón a refundición dos antigos:

- Regulamento de Réxime Interno da Piscina
- Regulamento da Escola Municipal de Natación de Xove
- Regulamento do Servizo de Abonados,

que quedan derogados expresamente.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS

FUNDAMENTO E REXIME

Artigo 1

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e consonte co previsto no artigo 20.4.o) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa pola utilización de casas de baño, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDL 2/2004 antes citado.

FEITO IMPONIBLE

Artigo 2

Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación do servizo de piscina municipal e instalacións anexas. O detalle dos servizos a prestar é o especificado nas tarifas da presente Ordenanza

DEVENGO

Artigo 3

A taxa considerarase devengada nacente a obriga de contribuir co inicio da prestación dos respectivos servizos a que se refire o artigo 6 posterior.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas así como os entes a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten o servizo de piscina ou demais actividades que se promovan e que se detallan no artigo 6.

RESPONSABLES

Artigo 5

Aos efectos de recoñecer aos responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUOTA TRIBUTARIA

Artigo 6

A contía das taxas reguladas na presente Ordenanza será a fixada no cadro de tarifas seguintes para cada un dos distintos servizos ou actividades:

Servizo de piscina municipal

1.- Socios: 60,00 €/anuais

Nos casos de alta como socio da piscina a cuota anual poderá prorraterse por trimestres naturais. Non procederá o prorrateo e polo tanto a devolución da cuota xa abonada para os casos de baixa.

2.- Abonados con bonos de uso

Abonado individual		
	Bonos de 15 usos	Bonos de 30 usos
De 0 a 4 anos	-	-
Desde 5 ata 15 anos	15,00	30,00
Maiores de 15 anos	25,00	50,00

Tódolos bonos terán caducidade de un ano.

3.- Abonados mensuais

-Individuais: 18,00 €/mes

-Familiars: 25,00 €/mes

4.- Entrada libre

-De 15 anos e maiores: 4,00 €

-Menores de 15 anos: 2,00 €

5.- Aluguer de calles

-Calle/hora: 18,00 €/hora

-Calle/hora con material (tablas, aletas, etc...): 25,00 €/hora

6.- Cursos da Escola Municipal de Natación

-Nivel de introducción "Á auga peques":

-Socios e abonados: 13,00 €

-Non socios ou non abonados: 25,00 €

-Niveis branco, amarelo, verde, azul e vermello:

-Socios e abonados: 10,00 €

-Non socios ou non abonados: 25,00 €

-Iniciación, perfeccionamento e natación de mantemento de adultos:

-Socios e abonados: 13,00 €

-Non socios ou non abonados: 28,00 €

-Cursiños para maiores de 55 anos:

-Socios e abonados: 10,00 €

-Non socios ou non abonados: 18,00 €

7.- Cursos para colectivos en verán:

-15 anos e menores de 15 anos: 23,00 €

-Maires de 15 anos: 26,00 €

8.- Curso de natación escolar: 25,00 €/alumno

9.- Material

-Gorros: 3,00 €

-Gafas: 8,00 € o modelo de nenos e 10,00 € o modelo de adultos

-Pinzas: 2,00 €

-Camisetas: 8,00 €

-Sudadeiras: 12,00 €

Servizo de masaxismo

1.- Servizo individual

TIPO DE MASAXE	DURACIÓN	TARIFA
Masaxe de costas	30 minutos	9,00 €
Masaxe de pernas	30 minutos	9,00 €
Masaxe de brazos	30 minutos	9,00 €

Masaxe completo	45 minutos	15,00 €
-----------------	------------	---------

2.- Bono de 5 usos

TIPO DE MASAXE	DURACIÓN	TARIFA
Masaxe de costas	30 minutos	35,00 €
Masaxe de pernas	30 minutos	35,00 €
Masaxe de brazos	30 minutos	35,00 €
Masaxe completo	45 minutos	65,00 €

NORMAS DE XESTION

Artigo 7

Servizo de piscina

- O pago da entrada libre así como do material que o usuario desexe adquirir realizarase mediante ingreso directo no control da piscina. Os correspondentes xustificantes serán entregados mensualmente na tesourería municipal xunto co ingreso dinerario correspondente aos efectos do seu debido control.
- Tanto o aluguer de calles coma as cuotas dos distintos tipos de cursiños da escola municipal de natación así coma os bonos de 15 e 30 usos e os bonos de carácter mensual que poideran expedirse, serán abonados mediante ingreso bancario previo e total do seu importe. O xustificante de pago deberá presentarse polo usuario como comprobante no momento do comenzo das actividades.
- Para os cursiños de natación escolar e cursos para colectivos en verán expedirase liquidación tributaria unha vez rematado o curso
- As cuotas de socio xestionaranse por padrón anual que se aprobará durante o mes de xaneiro e preferentemente xestionarase mediante domiciliación bancaria. As altas como socio deberán abonarse mediante ingreso bancario, incluíndose no padrón dos sucesivos exercicios en tanto o usuario non proceda a darse de baixa. Aqueles socios que non domicilien os sesu recibos e non teñan abonado o mes de xaneiro a anualidade correspondente, surtirán baixa na condición de socio.

Servizo de masaxismo

A inscrición para ser beneficiario do servizo de masaxes realizarase previa e directamente coa masaxista. As tarifas, en caso de masaxes de 1 só uso serán abonadas no control da piscina emitíndose recibo de pago que deberá ser entregado á masaxista. Aos efectos do seu debido control, ditos xustificantes serán

entregados con carácter mensual na Tesourería Municipal xunto co ingreso dinerario correspondente.

O pago dos bonos de 5 usos será efectuado con carácter previo mediante ingreso bancario.

EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 8

Servizo de piscina municipal

Estarán exentas de pago:

1.- Aquelas persoas maiores de idade con condición de socio da piscina que necesiten o servizo por razóns de saúde e de igual xeito as que tendo a mesma condición de socio, teñan ingresos inferiores a 500 euros mensuais.

2.- Os nenos con idades comprendidas entre 0 e 4 anos

3.- O colexio Pedro Caselles Rollán en concepto de natación escolar.

Servizo de masaxismo

Estarán exentas de pago aquelas persoas maiores de 65 anos así como os pensionistas que utilicen o servizo en horario de mañá a que se refire o Apartado Cuarto 2.B) do regulamento do Servizo.

INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

Artigo 9

No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto no Regulamento do Servizo, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento de Réxime Interno, Funcionamento e Utilización dos servizos da piscina municipal de Xove e Instalacións Anexas.

DISPOSICION FINAL

A presente modificación entrará en vigor a partires da publicación deste edicto no B.O.P e comenzará a aplicarse o mes natural seguinte ó da citada publicación, permanecendo en vigor ata a súa nova modificación ou derogación expresas.

Xove, a 2 de maio de 2.009
O Alcalde,

Asdo. José Demetrio Salgueiro Rapa